



## VALORACIÓN DA FASE NEGOCIACIÓN DA OBRA “CAMIÑO DE CONCENTRACIÓN PARCELARIA DE ESTRADA DA IGREXA A CRUZ DE PEDRA” PERTENCENTE Ó PLAN MARCO 2016.

A Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria que tivo lugar o día 27/07/2016 acordou , visto o informe de valoración das propostas presentadas emitido por D. Julio C. Rojo Martínez , redactor dos proxectos e membro do órgano encargado da negociación, convidar a tódolos licitadores a presentar, nun prazo non superior a 48 horas, unha segunda oferta en relación cós aspectos de negociación que poidan ser mellorados polos licitadores e que se indican no Anexo V.II (criterios de negociación) do prego de cláusulas.

Participaron nesta segunda fase de negociación as seguintes empresas:

- CONCIFA
- OVIGA
- COSMALCA
- EXCAVACIONES VARELA
- FCO. GÓMEZ Y CIA

Non participou a empresa HORDESCON, polo que queda fóra da licitación.

Emitido informe de valoración por D. Julio C. Rojo Martínez, unha vez valorados os criterios de negociación, acadando o seguinte resultado:

Contratistas	A.1) PROGRAMA TRABAJO	A.2) ACTUACIÓN AMBIENTAS	B)PLAN CONTROL CALIDAD	C)PLAN SEGURIDAD Y SALUD	% CI	%CE	REDUCCIÓN PLAZOS	OFERTA ECONOMIC A	TOTAL
OBRAS Y VIALES DE GALICIA SL	20,00	0,00	3,00	5,00	1,00	0,50	5,00	0,41	34,91
CONCIFA	10,00	0,00	2,00	3,00	0,25	0,50	4,25	3,00	23,00
FRANCISCO GÓMEZ Y CIA SL	17,00	0,00	3,00	5,00	0,83	0,63	4,50	2,20	33,16
EXCAV. JOSÉ VARELA IGLESIAS SL	10,00	0,00	2,00	3,00	0,42	1,00	2,68	1,47	20,57

- A empresa COSMALCA SL non se ratifica no prazo de execución, nin presenta novo prazo, polo que queda fóra da licitación.
- A empresa CONCIFA incurre en baixa temeraria, o que se lle comunica con data 03/08/2016, concedéndolle un prazo de cinco días para xustificar a oferta

presentada. Transcorrido o devandito prazo sen presentación de ningunha xustificación, queda fóra da licitación.

En base ó exposto anteriormente, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

**Primeiro:** Clasificar por orde decrecente as proposicións presentadas, e outorgar a seguinte puntuación total a cada un dos licitadores participantes e que non quedaron excluídos do proceso de licitación:

Contratistas	A.1) PROGRAMA TRABAJO	A.2) ACTUACIÓN AMBIENTAS	B)PLAN CONTROL CALIDAD	C)PLAN SEGURIDAD Y SALUD	% CI	%CE	REDUCCIÓN PLAZOS	OFERTA ECONOMIC A	TOTAL
OBRAS Y VIALES DE GALICIA SL	20,00	0,00	3,00	5,00	1,00	0,50	5,00	0,41	34,91
FRANCISCO GÓMEZ Y CIA SL	17,00	0,00	3,00	5,00	0,83	0,63	4,50	2,20	33,16
EXCAV. JOSÉ VARELA IGLESIAS SL	10,00	0,00	2,00	3,00	0,42	1,00	2,68	1,47	20,57

**Segundo.-** Deixar fóra do proceso de licitación ás Empresas COSMALCA E CONCIFA polos motivos expresados con anterioridade.

**Terceiro.-** Notificar e requerir a OBRAS Y VIALES DE GALICIA SL, por ser o licitador que presentou a oferta máis ventaxosa, para que presente, no prazo de dez días hábiles contados dende o seguinte a aquél en que reciba o requerimento, a documentación xustificativa seguinte:

- 1.- A que fai referencia o artigo 146.1 do TRLCSP
- 2.- Os certificados xustificativos de estar ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa seguridade social.
- 3.- De ter constituída a garantía definitiva por importe do 5% do importe de adxudicación, excluído o imposto sobre o valor engadido, por calquera dos medios a que se refire o artigo 96 do TRLCSP.
- 4.- Por razón de urxencia e unha vez presentada a devandita documentación polo empresa OVIGA, entenderáse adxudicada a obra, sen novo acordo da Xunta de Goberno e procederáse á formalización do contrato en documento administrativo.

